

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 6 DE SETEMBRO DE 2007.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. José Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

D. Antón Lois Noceda Carballo.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silvar Canosa.  
D. Manuel López Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Amalia García Balado.  
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.  
D. José Antonio López Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido  
D. Edgar Antonio Vigo López.  
D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo.  
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín  
D. Manuel Polo Gundín.  
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.  
D<sup>a</sup> Rocio Aurora Bértoa Puente.  
D. Juan José Franco Casal.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.  
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dez e oito horas e seis minutos do día seis de Setembro de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D<sup>a</sup> Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido, Don Edgar Antonio Vigo López, D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D<sup>a</sup> Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Águeda Bello Valdés e actúa como secretaria Dona María del Pilar Acebes Ruano, Secretaria accidental do Concello, que da fe do acto.

**Interventora :**

D<sup>a</sup> Águeda Bello Valdés

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> María del Pilar Acebes Ruano.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA EN DATA 31 DE XULLO DE 2007.**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión celebrada o día 31 de Xullo de 2007, previamente remitidas coa convocatoria. Pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

## **2º.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.**

O Sr. Alcalde toma a palabra e manifesta que no pleno do mes de xullo onde se nomearon representantes municipais en diferentes órganos nos que Fene ten representación, quedou por nomear este órgano, indica que o Concello de fene ten no Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar dous representantes e polo tanto a proposta que se fai desde o goberno municipal a este pleno para que sexa aprobada é nomear como representantes do Concello de Fene no Consorcio galego de servizos de igualdade e Benestar aos Concelleiros José Iván Puentes Rivera e Rita María Couto Seijido.

Rematada a exposición pola Alcaldía sométese a votación a seguinte proposta e co seguinte resultado:

Nomear como representantes do Concello de Fene no Consorcio Galego de Servizos de igualdade e Benestar aos Concelleiros José Iván Puentes Rivera e Rita María Couto Seijido.

Votos a favor: trece (13) dos/das señores/as Don José Iván Puentes Rivera, Don Antón Lois Noceda Carballo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, Don José Antonio López Rodríguez, Dona Amalia García Balado e D. Manuel Anxo Rodríguez Carballeira, Dona Rita M<sup>a</sup> Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Vigo López, Dona Inés Roca Requeijo, D. Manuel V. Pico Sanmartín, e Don Manuel Sánchez Martínez.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: catro (4) dos/das señores/as D. Gumersino Galego Feal, Dona Rocio Bertoa Puente, Don Juan José Franco Casal, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.

## **3º.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DUN CONCELLO QUE REPRESENTA AO CONCELLO DE FENE NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde e manifesta que neste punto hai unha proposta da Alcaldía para someter a consideración do Pleno, que o Consello Territorial da propiedade inmobiliaria agrupa a unha serie de Concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes e do que se trata é de designar a un representante que represente ao conxunto dos Concellos de Galicia de menos de vinte mil habitantes. Con esta Alcaldía púxose en contacto o Concello de Dumbría concretamente para pedir o apoio ao pleno do Concello de Fene e polo tanto é a proposta que se somete a consideración do Pleno.

Aberto o debate, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen unha vez concedido manifesta que eles como xa o dixeron na xunta de portavoces, como sabían que se ía propoñer a un concello, non sabe si é do Partido Socialista ou do Bloque pero que desde logo non é do Partido Popular entón vanse abster.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen unha vez concedido manifesta que como se comentou na xunta de portavoces había algunha posibilidade de que se puidera votar Fene con algunha posibilidade de éxito, si non se pode e hai que votar a Dumbría pois votará a Dumbría.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que o Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria que ven a regular a tramitación do catastro a nivel de Estado, nos Concellos de menos de vinte mil habitantes efectivamente tan só hai un representante galego e neste caso a Alcaldía propón ao Concello de Dumbría e o BNG como non ten un concello candidato pois vanse abster e así facilitar que o Concello de Dumbría sexa a proposta que saia do pleno.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido manifesta que quere unicamente xustificar o voto afirmativo á proposta da Alcaldía na medida en que se comentara na xunta de portavoces a posibilidade de que fora o propio Concello de Fene ou optáramos por votar a outro concello, a verdade é que xa coas posibilidades tan avanzadas de negociación como se atopaban e as posibilidades de abrir a vía de Fene eran ínfimas e por tanto, dado que ademais por parte do Concello de Dumbría fíxose a solicitude a este concello brindando a súa colaboración para trasladar as cuestións que este concello considerara pertinentes entenden que é a mellor opción para este concello nestes momentos, nese senso anunciar o voto favorable do grupo socialista.

Rematado o debate, pola Alcaldía sométese a votación a seguinte proposta e co seguinte resultado:

Designar ao Concello de Dumbría como representante no Consello Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

Votos a favor: oito (8) dos/das señores/as Don José Iván Puentes Rivera, Don Antón Lois Noceda Carballo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, Don José Antonio López Rodríguez, Dona Amalia García Balado e D. Manuel Anxo Rodríguez Carballeira, e Don Manuel Sánchez Martínez.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9) dos/as señores/as Dona Rita M<sup>a</sup> Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Vigo López, Dona Inés Roca Requeijo, D. Manuel V. Pico Sanmartín, D. Gumersino Galego Feal, Dona Rocio Bertoa Puente, Don Juan José Franco Casal, e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.

#### **4º.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO.-**

Polo Sr. Alcaldeponse de manifesto que estes representantes tamén quedaron pendentes de nomear no pleno de organización do mes de xullo porque as comisións informativas aínda non estaban constituídas daquela, que tradicionalmente a representación do Concello de Fene nos Consellos Escolares se produce a través dos representantes dos diferentes grupos políticos nesa comisión informativa de dinamización social. A proposta, falada en Xunta de Goberno e na de voceiros que tivo lugar esta semana entre os grupos políticos comprende algo que a xuízo do goberno municipal de Fene era importante e vital que non so representasen ao Concello nos consellos escolares os dous grupos que conforman o goberno municipal senón que tódalas formacións políticas tivesen representación neses concellos tamén como mostra da pluralidade política do Concello de Fene, e polo tanto a proposta que se somete a consideración do pleno para a súa aprobación é a seguinte:

<b>Representante do Concello</b>	<b>Centro de Ensino</b>
Edgar Vigo López	C.I. Formación Profesional
Carmen Silvar Canosa	I.E.S. Fene.
Manuel López Rodríguez	C.I.P. Sillobre
José Antonio López Rodríguez.	C.I.P. Centieiras
Edgar Vigo López	C.I.P. O Ramo.
Juan José Franco Casal	C.I.P. Os Casais.
Manuel Sánchez Martínez.	C.P.I. A Xunqueira.

Sometido o asunto a votación, a Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos/das señores/as asistentes acorda prestar aprobación á proposta transcrita e dar traslado da mesma aos respectivos centros.

**5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL SOBRE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR XXXXXXXXXXXX CONTRA ACORDO ADOPTADO POLO PLENO EN DATA 6 DE XULLO DE 2006.-**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 28 de Agosto de 2007 que transcrito literalmente di:

“DITAME DA COMISION INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

A Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial, en sesión Ordinaria celebrada o día 28 de agosto de 2007 adoptou, en relación ó asunto do epígrafe o seguinte acordo que transcrito di:

**“2º.- RECURSO DE REPOSICION INTERPOSTO POR DON XXXXXXXXXXXX CONTRA O ACORDO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE DATA 6 DE XULLO DE 2006 EN RELACION AO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA DA OBRA “ REURBANIZACIÓN AVDA, MARQUES DE FIGUEROA DENDE P.K. 0+520 ATA P.K. 0+755 (MARXE DEREITA)”**

Dase conta da Proposta da alcaldía de data 27 de agosto de 2007 , que transcrita literalmente di:

**“PROPOSTA**

Visto que en data 15 de setembro de 2005, polo Pleno da Corporación acordouse prestar aprobación ao proxecto da obra “Reurbanización Avda. Marqués de Figueroa dende PK 0+520 ata PK 0+755(Marxe dereita)”, redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Marcelino López Méndez, da oficina Proyfe, S.L., de data xullo de 2005, estimar necesario a realización da obra, considerando implícita a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos inmobles, aprobando asimesmo a relación concreta, individualizada e valorada que se contén no proxecto de expropiación redactado polo enxeñeiro de camiños, Don Marcelino López Méndez, aseendendo a valoración das expropiacións a realizar á cantidade de 32.803,74 euros, seguir a expropiación individual para cada parcela abrindo información pública durante un prazo de quince días no taboeiro de edictos da Casa do Concello e Boletín Oficial da Provincia, con notificación individual para que os/as titulares dos dereitos

afectados pola expropiación poidan aportar datos que permitiran a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na relación publicada ou opoñerse á ocupación ou disposicións dos bens e dereitos por motivos de fondo ou forma, prestar aprobación aos motivos xustificativos da expropiación polo procedemento de urxencia que figuran no expediente e xustifican a utilización deste procedemento e solicitar á Xunta de Galicia, ó abeiro da Orde do 7 de decembro de 1983, e de conformidade co artigo 52 da lei de expropiaciónn forzosa, do 16 de decembro de 1954, a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución das obras incluídas nos citados proxectos.

Visto que en data 8 de outubro de 2005 publicóuse no Boletín Oficial da Provincia número 231 o anuncio.

Visto que durante o período de información pública non se presentaron alegacións.

Visto que por acordo plenario adoptado en data 6 de xullo de 2006 acordóuse modificar, na relación de propietarios, polo que respecta á finca número 3, á titularidade da mesma, dado que nese momento figuraba no catastro como tal D. José Lourido Rodeiro e Dona Mercedes Tenreiro Castro, así como a referencia catastral de dita parcela; determinar en canto á documentación presentada que afecta ás fincas númros 1 e 2 que as actuacións do expediente expropiatorio se entenderán con quen resulte ser propietarios dos predios , previa a correspondete acreditación; modifica-la relación concreta, individualizada e valorada de bens e aprobar definitivamente a mesma, e solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación.

Visto que en data 17 de agosto de 2006 (entrada, 17.08.06, núm. rexistro) por Don José Lourido Tenreiro interpúxose recurso de reposición contra o devandito acordo plenario de data 6 de xullo de 2006.

Visto o infome emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 27 de outubro de 2006 no que, nos apartados 3 e 4 sinala:

*“...3.- Tras tramitación administrativa do expediente de expropiación estase na fase actual (outubro de 2.006) na que só queda pendiente unha alegación por parte de D. José Lourido Rodeiro da parcela N° 3 / 70373-7, segundo escrito N.º Ref. 5116 de 17 de agosto de 2.006 relativo a catro aspectos:*

- *Valoración dos bens obxecto da expropiación, que se considera “irrisoria” (inclúese valoración pericial contradictoria).*
- *Expropiación dunha “cepa de parra centenaria”.*
- *Falta de motivación da valoración.*
- *Criterios da Ponencia Catastral de Valores.*

*Ao que procede informar o seguinte:*

*Sobre a valoración dos bens obxecto da expropiación*

*O reclamante é o único disconforme dos afectados por expropiación coa valoración ou prezo unitario asignado ao solo, presentando unha valoración contradictoria do Arquitecto D. Francisco Otero Pazos.*

*Ainda admitindo a autoría da valoración (non visada polo Colexio de Arquitectos, o que non garantiza a autoría profesional da mesma) caben varias observacións:*

*1ª) Indícase que a valoración do solo é de 1.236,97€ e a doutros bens de 1.949,47 € cun total de 5.238 €.*

*Obviamente existe un erro na consideración da valoración xa que a cifra de 1.236,97 € corresponde no expediente á parcela Nº 2 / 72399-29 e non á do reclamante, para a que se estableceu un valor de solo de 3.288,53 €, moi superior aos 1.236,97 € citados.*

*2ª) Os datos catastrais da parcela aos que se fai referencia son claramente erróneos en canto á superficie construída, ano de construción do edificio (cítase 1850), etc., de maneira que non consta catastralmente a edificación semiconstruída que, sen embargo, sí aparece grafiada nos planos catastrais.*

*Polo tanto, o reclamante estase a beneficiar dunha situación que non se axusta á realidade cal é a consideración dunha antiga construción, de valor catastral só 5.583,34 €, agora inexistente por demolición para construción do edificio actual (sin remate por inadecuación das obras á ordenanza), sin ter en conta a existencia da construción real.*

*3ª) O valor catastral da parcela debe referirse, considerando a edificabilidade potencial, á superficie neta da mesma, sin ter en conta a superficie fóra de ordenación que non pode ter aproveitamento urbanístico en ningún caso.*

*4ª) Ainda que na valoración se indica que existen todos os servizos urbanos, mesmo beirarrúas, isto non é correcto xa que precisamente a falta de practicidade e largura suficiente das mesmas é unha das causas da necesidade de execución das obras para adaptación á normativa de accesibilidade no fronte da referida parcela.*

*5ª) A valoración do Arquitecto D. Francisco Otero Pazos é claramente errónea, en interpretación do funcionario que suscribe, dado que se refire á superficie construída de 199 m<sup>2</sup> que corresponde, segundos datos catastrais tamén erróneos citados ao edificio do ano 1850, agora inexistente, e que foi demolido para construír un edificio, non rematado, que ten unha superficie total aproximada do orde de  $550 + 88 + 60,5 = 698,5 \text{ m}^2$  (obtidos a partir da planta do Catastro de Urbana), de maneira que o valor de solo sería do orde dun máximo de:*

$$23.298,69 / 698,5 = 33,35 \text{ €/m}^2$$

*que practicamente coincide co valor de 30,17 €/m<sup>2</sup> (diferencia menor do 10%) considerado no expediente de expropiación, e que teñen aceptado as/os restantes expropiadas/os.*

*Si se considera ademais a necesidade do afectado de repoñer ou urbanizar pola súa conta a superficie a expropiar da parcela fóra de ordenación, resulta evidente sin maior cálculo xustificativo, só considerando os propios valores apuntados na reclamación de 100 €/m<sup>2</sup> para reurbanización, que mesmo na situación de urbanización pola súa conta, o custo de urbanización admitido pola peritación aportada polo reclamante, por un importe de  $109,00 \text{ m}^2 \times 100 \text{ €/m}^2 = 10.900,00 \text{ €}$ , supera amplamente o valor de expropiación que se ofrece polo Concello para o solo.*

6ª) Na valoración do Arquitecto D. Francisco Otero Pazos non se fai obxección ningunha á valoración do expediente relativa aos restantes bens mentras que sí se recorre polo expropiado á mesma na reclamación global.

Como resultado do anterior e á vista da aceptación polos restantes expropiados o funcionario que suscribe conclúe que na súa interpretación a valoración municipal do solo a expropiar é axeitada e non procede a aceptación da reclamación que se formula por D. José Lourido Rodeiro.

#### Sobre a reclamación de mantemento da cepa da parra existente

A alegación argumenta a singularidade da cepa propoñendo respetar a permanencia da mesma no lugar, “de maneira análoga a outros elementos en actuacións próximas”.

É certo que o Concello, no caso dalgunhas actuacións de urbanización que permitían salvar especies arbóreas interesantes afectadas, tratou de mantelas ou trasplantalas pero esto non sempre resulta posible, viable, interesante ou necesario.

No caso citado, a cepa non se corresponde coa especie existente en toda a Avda. Marqués de Figueroa (aliñacións de plátanos) e ademais resulta coñecido que o mantemento da cepa de parra obrigaría a dispoñer unha estrutura tipo pérgola ocupando a beirarrúa para soporte o que non resulta viable.

Polo tanto, técnica e ambientalmente non resulta posible nin procedente o mantemento da referida cepa da parra na beirarrúa a construír.

#### Sobre a falta de motivación da valoración dos bens a expropiar

A alegación fai referencia á inexistencia dunha falta de valoración individualizada dos bens, que sí se contén na páxina correspondente da “Relación de titulares e bens afectados da Reurbanización de Marqués de Figueroa” e na “Separata de valoración individualizada da Reurbanización de Marqués de Figueroa” do documento de expropiacións redactado por D. Marcelino López Méndez en xullo de 2.005.

En concreto recóllense 13 m<sup>2</sup> de peche de ladrillo, 16 m de verxa metálica, 27 m<sup>2</sup> de emparrado e 6 uds. de parra, ademais da respectiva superficie a ocupar.

Pode respostarse a esta parte da alegación simplemente remitindo ao reclamante copia de tales follas do documento, eliminando si se estima procedente por Secretaría as referencias a outros propietarios por razóns de confidencialidade de datos de terceiros alleos ao propio reclamante.

#### Sobre os criterios da Ponencia Catastral de Valores

Remítese, si se estima procedente, a informe a emitir por Secretaría ou Intervención por razóns de competencia en canto aos aspectos citados sobre posible desfase dos valores.

Sen embargo, debe facerse referencia explícita a que na propia reclamación se cita a correspondencia do valor de solo indemnizable co valor de mercado e neste senso o

*expediente de expropiación deixa claro que os valores aplicados foron aceptados polos restantes expropiados de maneira que pode e debe entenderse que foron considerados pois como "valores de mercado", excepto polo reclamante.*

*Tamén a este respecto debo facer fincapé en que o punto séptimo da alegación fai referencia á valoración pericial do Arquitecto D. Francisco Otero Pazos, pero esta valoración, segundo xustificado anteriormente é incorrecta por inadecuación á realidade da construción considerada para determinación do valor unitario do solo a partir da superficie real da construción existente.*

**4.-** *En resume e polo exposto o funcionario que suscribe entende que, sin prexuízo do que resulte no informe de Secretaría e Intervención en relación coa alegación referida á Ponencia Catastral de Valores, os prezos unitarios considerados na valoración da expropiación, co desglose citado no expediente son correctos e axeitados á situación do solo a ocupar e os bens afectados polo que se estima correcta a valoración contida no expediente."*

Considerando que os motivos que se alegan no recurso de reposición interposto refírense á valoración dos bens obxecto de expropiación.

Considerando que a finalidade da fase de necesidade de ocupación, segundo a regulación que da mesma se fai nos artigos 15 a 17 da Lei de Expropiación forzosa e correlativos do seu regulamento, é a de deixar perfectamente individualizado o ben obxecto da expropiación, de modo que non poida ser confundido con outro con indicación da súa localización e extensión, así como con expresión específica dos seus titulares, de ahí que as circunstancias do ben expropiado que poidan influir directamente na valoración dos bens expropiados, distintas destas concorrentes á individualización, necesariamente deberán ser discutidas na fase de xustiprecio, en canto que nesta se presigue a determinación do valor real dos mesmos, como sinala a Sentencia do Tribunal Supremo de 24 de febreiro de 1989.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro.-** Desestimar o recurso de reposición interposto por Don JXXXXXXXXX contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 6 de xullo de 2007, polos motivos anteriormente expostos.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo ao interesado

**Terceiro.-** Determinar que contra o presente acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación."

A Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial, en votación ordinaria, estima oportuno a adopción do seguinte

DITAME

Propoñer elevar ao Pleno da Corporación a proposta anteriormente transcrita para a súa aprobación."



Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen unha vez concedido manifesta que reiteran o xa manifestado na comisión, que naquel momento poñían de manifesto o desfase que había entre a peritación realizada polo técnico municipal e a peritación de parte que aportaban eles, pero que loxicamente a peritación do funcionario público é conforme á norma e que polo tanto vaise tratar dunha cuestión de xustiprezo e que non teñen competencia para valorar iso e polo tanto votarán a favor.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira, quen unha vez concedido manifesta que quere dicir que non é comparable a valoración que fai o técnico municipal coa do particular, lembrar que no 2005 esta Corporación por unanimidade aprobou o proxecto e aprobou o expediente de expropiación e por tanto o fai o veciño afectado recorre que está no seu dereito, pero hai que ter en conta que fai unha proposta dez veces maior que a que fai o técnico municipal e hai que ter en conta que todo o expediente de expropiación eran 32 mil euros e como di o enxeñeiro municipal plantexa unha serie de valoracións e de edificabilidade que non ten, fala dunha edificación inexistente e duns parámetros de edificabilidade totalmente inexistentes e por tanto pensa que hai razóns dabondo como para rexeitar ese recurso de reposición.

Rematado o debate e sometido o ditame a votación, a Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 28 de Agosto de 2007 tal e como figura transcrito.

#### **6º.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2006.-**

Dáse conta da Liquidación do Orzamento Municipal de 2006 que foi aprobada por Resolución da Alcaldía número 722/07 de data 13 de Agosto de 2007.

Toma o uso da palabra o Sr. Alcalde e quere lembrar que a liquidación do orzamento de 2006 ven a este pleno porque ten que ser entregada no Tribunal de Contas antes do 15 de outubro deste ano e que en todo caso e para iso existe ese órgano, a liquidación irá dentro da conta xeral do exercizo, irá á comisión especial de contas na que están tódolos grupos políticos representados e entende que nese órgano quizás o que se pode é facer unha análise mais polo miúdo tanto da liquidación como da conta e valorar o resultado final do exercizo económico do ano 2006.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que queren deixar constancia de que efectivamente chega tarde, saben que houbo un ano de eleccións e que puído haber determinados atrancos pero si lles gustaría que a conta chegase antes ao pleno, e por outro lado xa o verán despois cando se fale na comisión de contas, pero están a ver que no cadro se reflexa un remanente de tesourería positivo de 17.210 euros, pero coa aclaración que ven nos parágrafos posteriores ven que non é así que hai un remanente de tesourería negativo de 451.819 euros que cren que é bastante gordo, e aí se propoñen dúas solucións a ese problema que é acudir a unha operación de préstamo máxime do 5% dos recursos ordinarios ou aprobar un orzamento no exercizo seguinte cun superávit igual ao déficit, sabe que calquera das cousas van ser complicadas pero si dende o Partido Popular, unha vez que estudien mais detidamente cando o vexan no seu momento pedirían que se acudira ao financiamento bancaria o menos posible.

O Sr. Alcalde toma a palabra para facer unha matización, que está totalmente de acordo coa intervención anterior, tamén entende como el o resultado do exercizo pero a conta non está antes evidentemente porque o novo goberno leva o tempo que leva nas súas responsabilidades, e en todo caso si que é vontade do grupo de goberno de Fene de axilizar o máximo posible en exercizos posteriores.

#### **7º.- MOCIÓNS URXENTES.-**

#### **PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO CONCELLO DE FENE A CONVERTER A COÑECIDA COMO CASA DA MALETA NUN MUSEO SOBRE A EMIGRACIÓN.**

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP e manifesta que se trata dunha moción sobre a casa da maleta que xa foi entregada aos representantes dos grupos políticos, e previamente a sometela a votación para a urxencia quixera aclarar dous termos e é que como ven se pide instar ao goberno municipal a iniciar conversas cos actuais propietarios do inmovible para adquirir por parte do Concello de Fene e iniciar conversas coa Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de A Coruña para que colaboren economicamente co concello para proceder á adquisición do inmovible, e para levar a cabo os traballos necesarios para converter o singular edificio nun museo sobre a emigración. Queren modificar estas dúas peticións finais no senso seguinte, ao que o Sr. Alcalde indícalle que iso forma mais parte do contido da moción, que si lle parece mellor primeiro votar a urxencia e logo debater e moción e se vota.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen unha vez concedido manifesta que en canto á urxencia van votar a favor porque votan a favor normalmente de todas as mocións pero queren lembrar que esta moción nun sentido bastante parecido foi presentada polo BNG no ano 2004 e si é urxente hoxe, no 2004 era urxentísima e cre que o fondo da cuestión é semellante e van apoiar a urxencia da inclusión na orde do día , logo no contido xa entrarían en debate e lles gustaría que se puidera chegar a un consenso de todos os grupos no sentido da moción que eles tiñan presentado aínda que tivera que ser variada nalgún aspecto pero que houbera un consenso e non de cada tres anos traer unha moción aquí para tentar facer as xestións.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen unha vez concedido manifesta que a urxencia ven porque efectivamente esta casa hoxe está exposta nunha inmobiliaria na Rúa Real en Ferrol e por outro lado que os orzamentos das outras administracións Xunta e Deputación estanse empezando a elaborar nestes momentos.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen unha vez concedido manifesta que van votar a favor da urxencia como en todas as mocións, logo en canto ao contido xa se verá.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen unha vez concedido manifesta que facilitarán coa abstención que a moción poda ser debatida pero aínda que na cuestión entrarán no punto posterior e no seu debate e en todo caso aínda que non entenden

a urxencia polas explicacións que se deron si entenden a vontade neste punto por parte do Partido Popular de intentar que este punto falalo e negocialo previamente a este pleno co resto das forzas políticas e nese senso a abstención é para non coartar o debate dentro do pleno.

Rematada a súa intervención, polo Sr. Alcalde-Presidente, de conformidade có disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día co seguinte resultado:

Votos a favor dez (10) dos/das señores/as Dona Rita M<sup>a</sup> Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Vigo López, Dona Inés Roca Requeijo, D. Manuel V. Pico Sanmartín, D. Gumersino Galego Feal, Dona rocio Bertoa Puente, Don Juan José Franco Casal, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: sete (7) dos/das señores/as José Iván Puentes Rivera, Don Antón Lois Noceda Carballo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, Don José Antonio López Rodríguez, Dona Amalia García Balado e D. Manuel Anxo Rodríguez Carballeira.

En consecuencia e por maioría acordase ratificar a inclusión da moción na orde do día, que transcrita di o seguinte:

“Moción do Grupo Municipal do Partido Popular instando ao Concello de Fene a converter a coñecida como Casa da Maleta nun Museo sobre a emigración.

D. Gumersindo Galego, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Fene, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate na Sesión Plenaria da Corporación, de acordo coa seguinte

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia fenesa de Barallobre érguese un edificio singular que data do ano 1921, e que é especialmente representativo do fenómeno da emigración, que tanto ten incluído á sociedade galega durante o século pasado. O edificio, coñecido tamén como a Casa do Adriano, foi construído no ano 1921 por Antonio Fernández Fernández quen fora emigrante en Cuba. Edificado na parroquia de Santiago de Barallobre, a carón do Camiño da Vrea, ten unha peculiar planta en forma de frecha presentando un total de oito fachadas. O edificio, que, conta con dúas plantas, ten un singular deseño traído de América.

A Casa da Maleta é unha das edificacións indianas máis relevante e singular da comarca de Ferrolterra. Xunto co orixinal deseño da súa planta, o edificio destaca polos seus miradoiros e polas súas terrazas así como a cúpula nervada coroada pola estatua dun emigrante coa súa maleta na súa cúspide. En definitiva, o inmovible, que na actualidade se atopa en venta, constitúe unha homenaxe viva á emigración e aos emigrantes.

Por elo, dende o Partido Popular considérase especialmente interesante a posibilidade de que o inmovible poida pasar a seren patrimonio público, converténdose nun museo sobre a emigración.

Para o PP resulta fundamental a adquisición deste inmovible toda vez que é un símbolo singular do noso pasado, que debe ser posto en valor, e debe conservarse para que as futuras xeracións poidan coñecer o legado dos nosos emigrantes retornados, que tanto contribuíron ao desenrolo da sociedade galega de principios do século pasado.

A intención do PP e que, unha vez adquirido o inmovible, sexa transformado nun museo sobre a emigración, e o seu impacto na sociedade galega do século pasado. Par ao PP, o inmovible é un referente singular da construción de indianos que os emigrantes retornados trouxeron á nosa comarca, símbolo da riqueza conseguida en ultramar.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao pleno do concello de Fene a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

1.- Instar ao goberno municipal a iniciar conversas cos actuais propietarios do inmovible para conseguir a súa adquisición por parte do Concello de Fene.

2.- Iniciar conversas coa Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de A Coruña para que colaboren economicamente co concello para proceder á adquisición do inmovible, e para levar a cabo os traballos necesarios para converter o singular edificio nun museo sobre a emigración.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen unha vez concedido manifesta que dicía antes que queren modificar o seu contido final no que é o acordo que se propón ao pleno no senso seguinte: En primeiro lugar facer a consideración de que dende o PP non queren que se comprometa ningunha partida orzamentaria do Concello de Fene para a adquisición do edificio. En segundo lugar deixar aberta a súa finalidade, simplemente que o edificio así pola súa singularidade se trate de incorporar ao patrimonio inmobiliario do Concello de Fene pero sen darlle un fin concreto como vai na moción na que se falaba dun museo da emigración senón que, a finalidade dese edificio quede aberta e poidamos incorporar ese edificio ao patrimonio municipal sen custo algún, e esa é a modificación.

Continúa a súa intervención e sinala que para defender a moción son coñecedores de que os herdeiros tiñan intención de vender, e o outro día quedouse un pouco sorprendido ao ver a casa nunha inmobiliaria, por tanto a partir de aí xurdiu a idea, esa idea vaise presentar por parte do Partido Popular na Deputación provincial da Coruña, seguramente nos termos na que modifiquen hoxe aquí, e por tanto cren que quizais sexa un dos edificios mais singular dos que hai no Concello de Fene por eso cren que se debe intentar. Son conscientes tamén de que o prezo é un pouco excesivo para o que en si é a casa e o que conlevaría coa súa adquisición as modificacións que habería que facer, pero en principio o prezo de venda cren que é excesivo e con isto o único que pretenden é tender unha ponte coa propiedade para ver si hai esa posibilidade e tender unha ponte coas administracións que loxicamente manexan mais recursos que os que hoxe en día pode manexar o concello de Fene para que dende a Xunta e a Deputación se trate de dotar a Fene dun edificio singular e que pensando no futuro e no que xa levan falado moitas veces de que efectivamente Fene tense que abrir un pouco hacia o turismo e estase a falar moito da ruta das casas dos indianos, tampouco estaría de mais que o concello de Fene contase cun representante dese tipo de arquitectura.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín, quen unha vez concedido manifesta que como xa dixo antes o BNG no 2004 presentou unha moción parecida, non é exactamente o mesmo e varía en varias cuestións, pero o fondo da cuestión é que o que pedían no 2004 era que o pleno da corporación facultase ao Sr. Alcalde para que iniciase as correspondentes xestións coa Universidade, co Colexio de Arquitectos, coa Xunta de Galicia e Deputación Provincial para que permitise subscribir un convenio para adquirir este edificio, a diferenza é que a diferenza do ano 2004 ata hoxe, como ben dicía o voceiro do PP, é económico, que a casa está sobrevalorada dende aquel momento, que aquel si era o momento porque podería saír por un prezo razoable e aínda por riba eles naquel momento non pretendían que o Concello puxese ningún diñeiro senón que cun convenio entre as partes e sacalo adiante por aí, e lles gustaría retomar esa proposta que sería facultar ao Sr. Alcalde para que iniciara xestións coa Xunta e Deputación para adquisición dese ben, e eles tiñan unha proposta concreta que era facer un centro de estudos da arquitectura indiana vinculada á emigración fenesa que é algo ben coñecido e representativo non so de Fene senón de gran parte desta comarca e lles gustaría ir neste sentido porque aínda que poidan parecer semellantes, eles entenden tamén que a moción do PP non lle ven a cuestión de fondo cal pode ser, porque si no ano 2004 non era necesario comprala e no 2007 si, case que da a sensación de que se esperaron tres anos para que se infravalorada para facer unha xestión. Para eles o positivo e o coherente deste pleno sería facultar ao Sr. Alcalde para que fixese as xestións conxuntas coa Deputación Provincial e Xunta de Galicia para que entre todas as partes se adquira ese ben e cun proxecto darlle unha finalidade concreta que é o que xustifica que se compre ese inmovible e que se embarque nese convenio a outras administracións senón todos os Concellos dirían que van comprar patrimonio a conta doutras administracións e non é iso, eles propuxeron no seu momento un centro de arquitectura indiana, niso son flexibles, entenden que un museo alí non é operativo, pero iso é outro debate por cuestións de accesibilidade, aparcadoiro etc., pero si un centro de estudos da emigración ou da arquitectura indiana si é un edificio senlleiro e emblemático do noso Concello, entón o que lles gustaría é que o Partido Popular e os demais grupos retomaran esta posición e que realmente aquí o que se votara sería facultar á Alcaldía para iniciar as correspondentes xestións coa Universidade de A Coruña, Xunta de Galicia, Deputación provincial e Colexio de Arquitectos ao obxecto de subscribir este convenio, porque si teñen que votar a moción eles non poden votar a favor porque aínda que agora o PP emende sobre si mesma, eles non están de acordo coa exposición de motivos ao cento por cento, e os acordos en si mesmo poderían estar un pouco mais afinados porque tampouco se explícita que o Concello non gaste diñeiro, cando na súa moción non se dicía nin unha cousa nin outra e en todo caso o pleno sería quen decidiría gastar diñeiro aí si houbera que poñer o 10% por exemplo, entón como estase no debate previo fai esa proposta que sen exposición de motivos porque esa si se podería consensuar a posteriori, que se faga un proxecto de uso, aínda que sexa esquemático pero que sirva para traballar e facultar ao Alcalde para dirixirse a outras administracións e ver a posibilidade de mercar esa vivenda que a eles parécelles correcto.

O Sr. Alcalde-Presidente toma a palabra para dicir que hai dúas cuestións enriba da mesa xa, a moción presentada polo Partido Popular e o que o BNG manifesta e que entende como unha emenda a esa moción do PP que na posterior quenda de intervencións o voceiro do PP dirá si a acepta ou non para someter ao final a moción do PP ou a emenda do BNG.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen unha vez concedido manifesta que se parte da situación económica que ten o Concello que lle parece que o saben todos, que é bastante delicada e dentro das prioridades que eles levaban no seu

programa esto tampouco fan nel, considera que hai outras cousas moito mais importantes como son toda a serie de servizos. Dicur que si esto custa un euro ao Concello van votar en contra, xestionar que se faga por outras administracións está de acordo, como tamén está de acordo en que se trata dun edificio emblemático como outros edificios que nalgún momento tamén foron emblemáticos e hoxe están polos solos como o caso do Perla e outros arruinados, que cando o do Cine Perla non se comprou foi que se atoparon cunha situación similar. Que tamén se presentou polo BNG como ben di hai tres anos unha moción sobre a casa da maleta e os tres grupos que estaban na oposición votaron en contra. Manténdose na mesma posición que antes non o ven, cren que hai moitas mais necesidades que a compra esta e polo tanto nos usos, si tocara a lotería estaría ben pero a posición é de votar en contra.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen unha vez concedido manifesta que nesta cuestión fan unha dobre valoración, por unha parte valoran evidentemente o valor artístico e arquitectónico que ten o edificio singular do que estase a falar, en canto que é verdade que é unha representación específica deste Concello e que polas súas peculiaridades non é fácil atopar un edificio que reúna estas características non tan so no noso Concello senón nun ámbito comarcal ou provincial. Feita esta primeira valoración, tamén consideran que dentro do seu programa electoral, do contrato que teñen cos veciños/as de Fene, incluíanse como prioridades os servizos básicos, os camiños, alcantarillado, auga, policía nocturna, o auditorio e moitas outras cousas que requirirán dun esforzo inversor e impresionante por parte do Concello, e dun esforzo inversor impresionante nos próximos catro anos cando estamos a falar dunha situación económica delicadísima da que probablemente nos vindeiros meses teñan ocasión de debater neste pleno das solucións que haxa que artellar para canalizar cara a unha solución que permita a este concello os esforzos inversores e de traballo e de prestación de servizos que merecen os veciños. Nese senso valoraban que dificilmente o seu grupo poida apoiar unha moción que requira de inversión municipal, entenden tamén que as prioridades respecto á petición de inversións a outras institucións Xunta, Deputación, etc. son de tal magnitude xa neste momento nos ámbitos dos que falaba antes que a verdade é que pensar que vai haber mais cartos a maiores parécelles bastante complexo dadas as necesidades básicas que ten o Concello. En calquera caso eles tampouco queren aparecer porque tampouco sería correcto, como unha forza política que obstaculice a recuperación de patrimonio arquitectónico dentro do Concello, nese senso explicase a posición final de abstención a esta moción en canto a que consideran que por unha parte é verdade que sería unha boa inversión do Concello a nivel patrimonial a pesares de que sería sensiblemente superior a inversión á da que estase falando porque respecto ao edificio non soamente hai que falar do valor de compra, si agora mesmo está artificialmente incrementado, tamén esta o acondicionamento interior que sería unha contía importantísima e ademais terían que falar de que para calquera dos usos que se mencionan dunha inversión moi importante tamén no acondicionamento do entorno dado que nestes momentos o edificio, aínda que si ben é verdade que pola parte de atrás ten unha finca que se podería acondicionar, pola parte que da ao camiño é un edificio que hoxe en día queda encaixonado entre vivendas, nun camiño relativamente estreito onde a instalación dun servizo público se lle antolla en principio cando menos complexa, en todo caso que incrementaría o custo do que estase a falar. Por todos eses motivos o partido socialista ve complexa a execución desta inversión, ve prioritarias para os/as veciños/as do Concello outras pero como tampouco queren obstaculizar a recuperación de patrimonio arquitectónica vanse abster na votación desta iniciativa. En calquera caso para eles a abstención virá condicionada a dous aspectos que serán fundamentais, primeiro: sempre e cando a moción que resulte final non comprometa inversión municipal e por tanto de levarse a cabo

realizárase con recursos externos, e que por outra banda non se pechen nestes momentos a finalidade dese edificio porque cren que é algo que hai que estudar con mais tempo e con mais calma, o voto podería ser abstención se non se cumpriran estes dous requisitos, en caso contrario terían que reconsiderar a súa posición.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen unha vez concedido manifesta que cre que foron bastante claros nun principio e que non se pode facer demagogia con servizos básicos ou servizos fundamentais para a poboación, ninguén tratou de comprometer iso porque cre que iso foi o primeiro que se dixo e que se puxo por diante, por tanto van obviar esa parte da intervención porque cren que non ten validez ningunha. Respecto do outro xa dixeron que pola súa parte non habería ningún problema en que non se comprometera ningunha partida orzamentaria do Concello, pero tamén cren que efectivamente o voceiro do BNG tiña razón no senso de que tampouco van chegar a unha administración e dicir que adquiren un edificio por adquirir, que as finalidades cambian, si son soberanos para agora decidir, xa sabe que cando se vaian pedir as subvencións por aí adiante, vanse pedir para ese fin, pero o importante cre que é que se engrose o patrimonio inmobiliario municipal, e ao mellor si hai que contar algunha pequena “mentirijilla”, non mentira, se refire ao que é tocante ao tema da finalidade tampouco pasaría nada por fixar unhas finalidades prioritarias para ese edificio. Si hai que consensuar con outras administracións a adquisición cren que é moi razoable que leve unha finalidade, entón eles nun principio non teñen inconveniente pero quizás non chegue a bo fin sen marcar uns determinados obxectivos. Por parte do BNG marcábanse como obxectivos o que son un centro de estudos da arquitectura indiana, pero cre que iso non é mais que un dos aspectos da emigración de Galicia, o mesmo que son unha e mil cousas que poden estar relacionadas con iso, saben que efectivamente non un sitio de fácil acceso, coñecen o camiño da Brea pero tamén cren que uso ou o fin que se lle fora a dar no seu día a ese edificio tampouco vai esixir grandes espazos porque tampouco van ser edificios de multitude nin de concentración de grandes aglomeracións de xente para unha determinada finalidade. A parte diso hai unhas finalidades moi interesantes que son as pedagóxicas e non estaría de mais quizás ese requisito pode ser un atractivo para destinalo no seu día a visitas de colexios, que tería o problema do acceso pero non o de aparcamento xa que ten unha superficie de case catro ferrados que permitirían a realización de calquera tipo de aparcamentos, lóxicamente non para acoller actos multitudinarios pero si para darlle un uso coherente. En consecuencia si efectivamente o Partido Socialista se vai abster porque si non se lle da unha finalidade non saíría adiante, eles nese senso si hai posibilidade de consensuar unha finalidade co BNG a consensuarían e lóxicamente cambiarían o sentido da moción, coa finalidade nada mais de facilitar o acceso a esas negociacións e contactos con outras administracións.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen unha vez concedido manifesta que polas noticias que teñen é de que o edificio está totalmente deteriorado por dentro e por tanto sobrevalorado, que eles van votar en contra porque en Fene hai moitos edificios como este e si votan si neste terían que votar nos demais, e poderían citar outros cinco ou seis que son emblemáticos en Fene. Analizando isto, e facendo as xestións coas outras administracións e aínda que o regalaran custaría unha millonada amañalo, e con isto non ven que teña un rendimento neste caso cultural para os veciños do Concello polos motivos expostos.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que reiteran primeiramente o que se falou aquí, eles entenden que as administracións e neste

caso o Concello debe velar e procurar facerse cun patrimonio municipal para telo ao servizo dos veciños/as e para poñer en valor o noso, como fixo con mais ou menos acerto outras administracións noutros concellos como o Monasterio de Caveiro, as torres do Allo, as casas de Buño que rehabilitou a Deputación e outras instalacións que afortunadamente as administracións foron adquirindo e están aí para uso e aproveitamento de todo o mundo. Nese sentido si entenden que é un valor importantísimo e fundamental adquirir un ben deste tipo, e ademais esta casa en concreto é singular en moitos aspectos, desde a súa propia conformación arquitectónica, a súa historia, etc., por iso o BNG no 2004 propoñía facer as xestións oportunas para mercala a través doutras administracións, non poñendo diñeiro o Concello, e ademais implicando á Universidade de A Coruña, Colexio de Arquitectos especialmente, porque así o seu financiamento e o seu mantemento posterior pois podería ter unha viabilidade, porque son conscientes que o concello non pode facerse cargo de absolutamente todo, e procuraban chegar a ese acordo e a ese convenio, por iso eles, entendendo así dende ese punto de vista e entendendo que o fin pode ser o de arquitectura indiana, o de emigración, pódese ampliar ou reducir, pero entenden que ese fin é posible, que non é recorrente que non se repite en tódolos Concellos por aí adiante como hai outro tipo de instalacións que si se repiten, neste caso sería ademais un exemplo innovador dende o punto de vista do atractivo turístico, do turismo de calidade e dese turismo digamos de pequeno grupo, que un pouco é o modelo ao que terían que ir dende este Concello. Para eles deste debate o que debería saír e é o que insta a o PP, ao Partido Socialista e a Esquerda Unida a que escoiten a proposta que eles facían que cre que é a mais sensata no sentido de axustar as cousas no seu sentido termo, si se faculta á Alcaldía a iniciar as correspondentes xestións non se está facendo mais que iso, facultar ao alcalde a realizar esas xestións cunha serie de organismos que eles entendían que eran os procedentes, que poden ser outros si aquí se entende, entón eles o que lle piden ao Partido Popular é que se somen a esta proposta ou que varíe a súa proposta neste sentido, pero que ao final teñamos unha proposta nova neste sentido, que se faculte á Alcaldía para que se inicien as correspondentes xestións coa Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Universidade de A Coruña e Colexio de Arquitectos ao obxecto de subscribir un convenio que nos permita adquirir a Casa da Maleta. A finalidade terase que acordar entre todos, cre que un punto básico e referencial desa casa é un tema de emigración, dende o punto de vista arquitectónico e humano de todas as persoas que tiveron e teñen que entrar e saír de Fene, eles nese sentido lles gustaría chegar a un acordo de tódolos grupos, senón a moción do Partido Popular non a poden apoiar tal como ven e por iso piden que exista certa flexibilidade, si eles con capaces de adaptar a súa moción do 2004 o día de hoxe, de adaptala no sentido que se diga aquí e chegar a que haxa un certo consenso, porque tamén entenden que si se aproba a moción ou pasa con so os votos do Partido Popular, as xestións poden ser un pouco pobres, cre que teñen que sentirse todos os grupos un pouco coa idea de sacar isto adiante.

O Sr. Alcalde toma a palabra e manifesta que chegados a este punto e como dicía ao principio o que hai enriba da mesa é unha moción do PP e por outra banda hai unha emenda do BNG a esa moción, pregaríalle ao voceiro do BNG que lea literalmente que lle quere propoñer ao Partido Popular e que este diga si a acepta ou non para someter a votación unha ou outra cousa.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen unha vez concedido manifesta que o que dicían era eliminar a exposición de motivos, porque non é un acordo de pleno e así non hai un debate sobre algo, porque o fondo da cuestión sería: facultar á Alcaldía para que inicie as correspondentes xestións coa Universidade de A Coruña, Xunta de Galicia,



Deputación Provincial, Colexio de Arquitectos, que tamén podería ser con outros organismos ou reducir aquí, ao obxecto de subscribir un convenio que permita a adquisición da Casa da Maleta, a partir de aí, eles propoñían para convertela nun centro de estudos da arquitectura indiana, que eles din que si non é un centro de estudos da arquitectura indiana que sexa da emigración relacionado con todos os aspectos, aí están aberto.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro do Partido Popular si admite ou non esta emenda do BNG, e o Sr. Galego Feal di que por suposto que si, e pide ao voceiro do BNG que volva a lelo outra vez.

O Sr. Polo Gundín le o acordo que sería: facultar á Alcaldía para que inicie as correspondentes xestións coa Universidade de A Coruña, Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Colexio de Arquitectos de Galicia ao obxecto de subscribir un convenio que permita a adquisición da Casa da Maleta.

Por parte do voceiro do Partido Popular se acepta esta emenda.

O Sr. Alcalde Presidente manifesta que se substitúe a redacción da moción que presentada o grupo municipal do PP por esta redacción que acepta agora o poñente e polo tanto vaise someter a votación o que lía o voceiro do BNG.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen unha vez concedido manifesta que agradecería que se lera o conxunto tal e como queda porque a redacción ao final non lle queda claro que se especifiquen os dous elementos que para eles eran importantes neste tema que era que se garanta que non vai haber inversión municipal, si eso consta explicitamente.

O Sr. Alcalde manifesta que agora mesmo, e para aclararlle a tódolos grupos, a moción como está non tería exposición de motivos e o único que estaríamos sometendo a votación sería o seguinte texto:

“Facultar á Alcaldía para que inicie as correspondentes xestións coa Universidade de A Coruña, A Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e o Colexio de Arquitectos de Galicia ao obxecto de subscribir un convenio que permita a adquisición da Casa da Maleta.”

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo socialista quen unha vez concedido, manifesta que entende que na redacción, para que eles se poidan abster na votación que sería a posición que xa explicou no seu momento, debería incluír explicitamente que se realizaría con inversión externa ao Concello, é dicir, xa a redacción concreta, e se clarifique que non se comprometerá gastos do Concello.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen unha vez concedido manifesta que antes do texto que se acaba de ler, engadirle sen compromiso orzamentario para o Concello de Fene.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez, quen unha vez concedido manifesta que en primeiro lugar a exposición de motivos dálle igual que sexa unha que outra, si alguén a financiara na súa totalidade tanto o que é a compra como amaño, etc., se podería falar doutra cousa e con que custe un só euro para o Concello, que vai custar mais, por eses

motivos son polos que van votar en contra, e iso unido ao que dixo nun principio, que aquí perdeuse o edificio do Perla e outras catro ou cinco instalacións por aí que tamén teñen o valor que teñen e si votaran a favor desta terían que votar a favor de todas e evidentemente a favor do edificio do Perla xa non o poden votar, que por eses motivos van votar en contra e que non cren nos milagres.

Rematado o debate o Sr. Alcalde Presidente sometese a votación ordinaria a moción resultante, co seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9) dos/das señores/as Dona Rita M<sup>a</sup> Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Vigo López, Dona Inés Roca Requeijo, D. Manuel V. Pico Sanmartín, D. Gumersino Galego Feal, Dona Rocio Bertoa Puente, Don Juan José Franco Casal, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.

Votos en contra: un (1) de Don Manuel Sánchez Martínez.

Abstencións: sete (7) dos/das señores/as José Iván Puentes Rivera, Don Antón Lois Noceda Carballo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, Don José Antonio López Rodríguez, Dona Amalia García Balado e D. Manuel Anxo Rodríguez Carballeira.

En consecuencia e por maioría a Corporación Municipal acorda:

“Facultar á Alcaldía para que inicie as correspondentes xestións coa Universidade da Coruña, xunta de Galicia, Deputación Provincial e Colexio de Arquitectos de Galicia ao obxecto de subscribir un convenio que permita a adquisición de “A Casa da Maleta”, sen comprometer para elo ningún tipo de investimento do Concello de Fene.

#### **PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DESAFECTACIÓN DA PARCELA DE REFERENCIA CATASTRAL NÚMERO 61626401NJ6162N0001SL.**

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a urxencia do asunto xustifícase porque a Concellería de Educación ten xa consignada a partida orzamentaria e ten xa feito e aprobado un proxecto para ampliar o ximnasio do I.E.S. de Fene que será financiado cos orzamentos de 2007 da Comunidade Autónoma de Galicia, e tendo en conta que este acordo precisa de dous acordos plenarios, primeiro o que ven a este pleno é a desafectación desa parcela que implica un mes de exposición ao público do acordo que se tome hoxe aquí si é favorable e logo, habería que tomar un novo acordo plenario para xa definitivamente cederlla á Concellería de Educación, é dicir, estaríamos xa no mes de outubro, e polo tanto rematando o ano, polo que entenden que é urxente que se aprobe neste pleno de setembro para non pospoñelo mais e que non nos quedemos sen esa inversión que como todos saben é unha vella reivindicación de todos os grupos e da comunidade educativa do I.E.S. de Fene.

Rematada a súa intervención, polo Sr. Alcalde-Presidente, de conformidade có disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

#### **“MOCIÓN**

Visto os escritos remitidos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos que solicitan a cesión de terreo de propiedade deste Concello para proceder á construción dun no IES de Fene.

Visto que os terreo a ceder é unha porción da parcela de referencia catastral núm. 61626401NJ6162N0001SL.

Vista a cédula urbanística expedida polo Arquitecto técnico municipal, Don Evaristo Núñez García, de data 15 de febreiro de 2007.

Visto o informe de Secretaría de data 14 de agosto de 2007, no que, nos seus fundamentos de dereito se sinala:

### **“FUNDAMENTOS DE DEREITO**

#### **Cuestión previa**

Con carácter previo cómpre deixar constancia de que o expediente examinado non se atopa numerado nin asinado en todas as súas follas útiles polo funcionario encargado da súa tramitación, tal e como preceptúa o artigo 164.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se formula a oportuna observación. Por tal motivo, as consideracións que seguen restan condicionadas ao repertorio documental examinado.

Primeiro.- A cesión gratuita de bens das Entidades locais ven regulada nos artigos 109 a 111 do Regulamento de bens das entidades locais( en adiante RBEL).

Conforme preceptúa o artigo 109.2 do RBEL, as Entidades locais poderán ceder gratuitamente a Entidades ou Institucións públicas bens inmoables de propios para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termino municipal.

A cesión gratuita require instrucción de procedemento, con arranxo aos requisitos e prescricións do artigo 110 do RBEL, isto é:

- Acordo plenario adoptado có voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, previa instrucción do expediente, con arranxo aos seguintes requisitos:

- a) Xustificación documental pola propia entidade ou institución solicitante do seu carácter público e Memoria demostrativa de que os fins que se persiguen redundan de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do término municipal.
- b) Certificación do rexistro da propiedade acreditativo de que os bens se atopan debidamente inscritos en concepto de patrimoniais da Entidade Local.
- c) Certificación do Secretario da Corporación na que conste que os bens figuran no inventario aprobado pola Corporación coa antedita calificación xurídica.
- d) Informe da Intervencion de fondos no que se probe non ter débeda pendente de liquidación con cargo ao presuposto municipal.
- e) Dictáme subscrito por técnico que asevere que os bens non se atopna comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a entidade local nin é previsible que o sexan nos dez anos inmediatos.

f) Información pública por prazo non inferior a quince días.

Se o valor do ben obxecto de cesión sobrepasa o 25 % da contía do presuposto ordinario de ingresos do Concello, habería que solicitar a autorización da Consellería competente da Xunta de Galicia. Noutro caso, soamente se lle habería de dar conta, enviando tamén copia do expediente.

Por outra banda, de acordo có disposto polo artigo 113 do RBEL, cómpre ter en conta que antes de iniciarse os trámites conducentes ao alleamento do inmovible debe procederse a depurar a situación física e xurídica do mesmo, practicándose o deslinde, se fose necesario, e inscribíndose no Rexistro da Propiedade, se non o estivese.

A cesión gratuita de bens pódese facer:

- a) A Entidades ou Institucións Públicas.
- b) A institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro.
- c) A os organismos competentes de promoción da vivenda.

Os fins para os que se ceden deben redundar en beneficio dos habitantes do termino municipal. O ben debe ser inmovible e PATRIMONIAL.

Establece o artigo 111 do RBEL que se os bens cedidos non fosen destinados ao uso dentro do prazo sinalado no acordo de cesión , ou deixaran de selo posteriormente, considerarase resolta a cesión e revertirán aquéles á Corporación local, a cal terá dereito a percibir da Entidade beneficiaria, previa tasación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos.

Resulta, polo tanto, que a cesión gratuita de bens inmovibles a Entidades ou Institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do término municipal debe vir referida a bens patrimoniais e cumprirse todos os requisitos e trámites anteriormente sinalados.

Segundo.- Entrando no estudio do suposto que nos ocupa, segundo se indica na cédula urbanística obrante no expediente emitida polo Arquitecto Técnico municipal, Don Evaristo Núñez García de data 15 de febreiro de 2007, o terreo cuxa cesión se pretende é unha porción da parcela de referencia catastral nº 6126401NJ6162N0001SL , emprazada na Rúa Trabada 2 (D) Barallobre- Fene.

Sínálase na referida cédula urbanística que o inmovible da referencia catastral citada “...está composto de dúas propiedades ben diferenciadas:

- a) *Unha parcela sobre a que se ubica o edificio e instalacións complementarias do IES, que se encontra perfectamente delimitado con peches de fábrica que datan da construción do propio Centro.*
- b) *Outra parcela libre de 4.998 m2 de superficie, segundo recente medición, lindante coa anterior(.....)*

*A meirande parte da superficie da parcela ( 3.500 m2), xa foi cedida polo Concello de Fene á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia por acordo do Pleno da Corporación de data 25/maio/1998. Resta pendente de cesión a porción*

*complementaria, ata completar en conxunto a superficie total de 4.240 m2 (4.998 m2, segundo recente medición do plano topográfico que se acompaña)....”*

Consultado o acordo plenario a que se fai referencia na cédula urbanística ( de 25 de maio de 1998) relativo á ratificación de resolución da Alcaldía sobre cesión de terreos á Consellería de Educación para ampliación do Instituto de B.U.P. resulta que no mesmo non se identifica catastral nin rexistralmente a parcela obxecto de cesion, nin se concreta, agás no relativo á superficie, a porción da parcela cedida.

Por outra banda, en canto a inscrición do ben que se pretende ceder no Rexistro da propiedade, cómpre sinalar que consta no expediente unha certificación da Sra. Rexistradora da propiedade de Pontedeume de data 28 de febreiro de 2007 referida á inscrición a favor do Concello de Fene dunha finca ao folio 180 do tomo 419 do Arquivo, Libro 76 do Concello de Fene, finca 7894. En relación a dita certificación sinalar , dunha parte que a superficie da finca rexistral a que se refire, excede da superficie da parcela de referencia catastral á que se refire á cédula urbanística e, por outro lado, que non consta a referencia catastral da parcela ou parcelas que integran dita finca , polo que non resulta acreditado que dita finca rexistral se refira, entre outras, á parcela cuxa porción se pretende ceder.

En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe, cómpre clarefexar os extremos citados, debendo procederse con carácter previo á identificación dun xeito claro e preciso do terreo cuxa cesión se pretende, e realiza-los trámites necesarios tendentes a depura-la situación física e xurídica do ben, procedendo á segregación da porción da parcela a ceder e inscrición da mesma no Rexistro da propiedade.

En canto á natureza xurídica do ben , o Arquitecto Técnico municipal , na cédula urbanística sinala que *“... Da consulta efectuada ao Inventario de bens municipais, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión de data 07/02/2002, consta a inclusión do ben como inventariado:*

*Código 1-01-00041, Pista Atletismo O pazo e Parcela Anexa....”:*

No documento que obra en esta Secretaría denominado “Inventario xeral dos bens e dereitos correspondentes a esta Corporación confeccionado con referencia ó 31 de decembro de 1999” figura có código 1-01-00041, un ben denominado *“Pista atletismo “O Pazo” e Parcela Anexa”, sinalándose na natureza do dominio “DEMANIAL, servicio público, instalacións deportivas”.*

Agora ben , respecto de do inventario de bens cómpre facer as seguintes observacións:

- Segundo certificación de Secretaría de data 9 de outubro de 2001, o Pleno da Corporación en sesión de data 4 de outubro de 2001 adoptou, entre outros,o acordo de prestar aprobación provisional ao Inventario de bens redactado pola empresa Tecno Agrícola,S.L., tal e como se recolle na proposta transcrita no mesmo
- Segundo certificación de Secretaría de data 8 de febreiro de 2002, a Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada en data 7 de febreiro de 2002 adoptou o acordo de tomar coñecemento da aprobación definitiva do Inventario de bens.
- Non constan, salvo erro ou omisión, posteriores acordos relativos á actualización do Inventario da Corporación.

- Polo que respecta ao documento material, nesta Secretaría atópase un documento que leva por título "Inventario xeral dos bens e dereitos correspondentes a esta Corporación confeccionado con referencia ó 31 de decembro de 1999"

- O documento examinado non leva ningunha dilixencia que confirme que foi o obxecto dos acordos plenarios anteriormente citados, nin está autorizado polo Secretario da Corporación có visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, tal e como establece o artigo 32.1 do Real decreto 1732/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e as páxinas que contén non se atopan todas numeradas.

Polo tanto, dende o punto de vista formal, e sen prexuízo das consideracións, que, no seu caso, poidan facerse verbo do seu contido, cómpre informar que o documento que se atopa nesta Secretaría non ofrece garantías de autenticidade, dada a falta de dilixencia que acredite a súa aprobación e a falta de autorización polo Secretario da Corporación,

Por outra banda, non ten constancia esta Secretaría de que se teñan aprobadas as rectificacións anuais do inventario, polo que o seu contido pode estar desfasado, ao non incorporarse as novas altas, as baixas ou variacións patrimoniais resultado da xestión do Concello ao longo dos anos transcorridos dende a data de referencia do mesmo (31 de decembro de 1999).

Polo exposto, pola que subscribe se informa que o Inventario de bens que obra na Secretaría non constitúe unha base documental fiable polos motivos expostos, nin estar actualizado, polo se formula a oportuna advertencia e se informa da necesidade de proceder á súa actualización.

Á vista do sinalado, ao non ofrecer garantías de autenticidade nin constituir unha base documental fiable o Inventario de bens obrante nesta Secretaría, cómpre analiza-la natureza xurídica do ben cuxa cesión se pretende.

Para esclarecer esta cuestión, débese ter en conta que, segundo se indica na repetida cédula urbanística obrante no expediente "...O conxunto, segundo Plan Xeral de Ordenación municipal- Revisión 98 aprobado definitivamente polo Concello en sesión celebrada o día 23 de xaneiro de 2003 e publicado no B.O.P. nº 48 do 27 de febreiro de 2003, ten unha clasificación de SOLO URBANO, cunha norma zonal de EQUIPAMENTO EDUCATIVO: Eq51SGEd....".

Téndo isto en conta, fánse as seguintes consideracións:

A alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais, como a de calquera Administración, consiste no cambio na natureza por afección a un uso ou servizo público ou por desafectación.

A afectación consiste en dar a un ben patrimonial a natureza e réxime xurídico de ben de dominio público ou comunal, todo elo en base ao cambio de destino e uso que experimenta.

Agora ben, á vista da normativa vixente, pódese distinguir entre unha alteración expresa e unha alteración tácita. Dentro deste último suposto atópase a aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos. Así o establece o artigo 8.4 do RBEL.

Este procedemento- como sinala Tomás Cobo Olvera na súa obra “ Adquisición , utilización y enajenación de Bienes de las Entidades Locales”- non é propiamente unha alteración tácita, senón que o procedemento de alteración é distinto ao regulado no artigo 8 do RBEL, xa que a alteración prodúcese como consecuencia de levar a cabo outro procedemento.

Á vista do exposto, e tendo en conta que, segundo se sinala na cédula urbanística, o conxunto ten unha clasificación no Plan Xeral de Ordenación municipal- Rev. 98, de solo urbano, cunha norma zonal de Equipamento Educativo, así como o disposto no artigo 165.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, segundo o cal “ Enténdese por terreos destinados a dotacións públicas os de titularidade do Concello ou, se é o caso, da Comunidade Autónoma que tende a satisfacer necesidades colectivas e implantar usos ou servizos públicos, tendo o carácter de bens de dominio público”, a xuízo da informante, o ben cuxa cesión se pretende ten a consideración de ben de dominio público e servizo público.

O carácter de ben de dominio público do terreo fai preciso que se proceda ao estudio da posibilidade da cesión que se pretende á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Para elo é preciso partir do que establece o artigo 80 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, segundo o cal os bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles. A inalienabilidade dos bens de dominio público significa que non se poden allear bens de dominio público. A Lei, cando dí que este tipo de bens son imprescriptibles , os está defendendo fronte a terceiros; mentres que cando sinala que son inalienables, os está a protexer preferentemente fronte aos órganos decisorios da Entidade Local.

Resulta así, polo tanto, que ao ter o terreo cuxa cesión se pretende a cualificación xurídica de ben de dominio público , fáise preciso para poder proceder á súa cesión desproveerlo de dito carácter, convertíndoo en patrimonial, é dicir, fáise precisa a previa desafectación do mesmo a través do procedemento previsto no artigo 8 do RBEL requeriéndose, polo tanto, a tramitación de expediente no que se acredite a súa oportunidade e legalidade, expediente que deberá ser resolto , previa información pública durante un mes, pola Corporación có voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da mesma.

En todo caso, reitérase o sinalado anteriormente verbo da necesidade de que, con carácter previo se proceda a indentificar con claridade o ben cos seus lindeiros e á súa depuración xurídica , procedéndose á segregación do terreo que pretende ceder e á inscrición do mesmo do Rexistro da propiedade.

Cómpre , así mesmo, incorporar ao expediente informe técnico no que se acredite que o destino que se lle pretende dar ao terreo se axusta á lexislación e planeamento urbanística.

Terceiro.- Noutro orde de cousas, infórmase de que unha vez( previa a desafectación) efectuada a cesión á Comunidade Autónoma, para proceder á execución das obras será preciso pola Consellería solicitar e obter tódalas autorizacións necesarias, entre elas as preceptivas licenzas municipais urbanística e de actividade. Por elo, entende a que subscribe debería modificarse a cláusula primeira do borrador de convenio que se achega pola Consellería en canto ao sinalado verbo dos permisos e autorizacións necesarias para levar a

cabo as obras, por canto só á vista dos proxectos que se presenten será posible pronunciarse verbo da adecuación dos mesmos á normativa de aplicación.

Por outra parte, en canto a cláusula cuarta do modelo de Convenio entende a que subscribe que procede incorporar ao expediente informe da Intervención municipal verbo do disposto na mesma.

Asi mesmo, dado que no borrador de convenio refírese a que o destino do ben será a construción dun ximnasio no IES de Fene, e que no escrito da Consellería de data 11 de xullo de 2007 alúdese á construción de polideportivo e ampliación de aulas do IES de Fene, procede que se clarifique o destino que se pretende dar ao ben.

É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.”

Visto o informe complementario á cédula de calificación urbanística emitida en data 15 de febreiro de 2007, emitido polo Arquitecto Técnico municipal de data 14 de agosto de 2007.

Considerando que ao obxecto de proceder á cesión do terreo citado fáise preciso, ao ter o terreo a cualificación de ben de dominio público, proceder a súa previa desafectación polo que a desafectación beneficia ao interés público, dada a finalidade que se pretende coa desafectación ( a posterior cesión á Consellería de Educación e Ordenación universitaria para a construción de un ximnasio no IES).

Visto o disposto nos artigos 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 8 do Regulamento de Bens das entidades locais

**PROPÓNSE AO PLENO DA COPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro.-** Altera-la cualificación xurídica do ben que a seguir se describe, desafectándoo do dominio público e quedando cualificado como ben patrimonial, ao obxecto de proceder á posterior cesión da súa propiedade á Consellería de Educación e Ordenación universitaria da Xunta de Galicia para construción de un ximnasio no IES.

“Porción de terreo de 1498 m2 da parcela de referencia catastral 61626401NJ6162N0001SL ( o resto da superficie da parcela xa foi cedida polo Concello de Fene para a construción do IES de Fene e ampliación do mesmo).”.

Lindeiros ( da totalidade da parcela de referencia catastral 61626401NJ6162N0001SL:

Norte: Parcela de Referencia catastral 15036A018003140000YF  
Parcela de Referencia catastral 15036A018003130000YP  
Parcela de Referencia catastral 15036A018004930000YU  
Parcela de Referencia catastral 15036A018002870000YK

Sur: Parcela de Referencia catastral 6126403NJ6162N000UL

Leste: Parcela de Referencia catastral 6126402NJ6162N0001ZL  
Fronte á Estrada de San Marcos-Barallobre.

Oeste: Parcela de Referencia catastral 15036A018005020000YP



Parcela de Referencia catastral 15036A018004270000YH  
Parcela de Referencia catastral 15036A018004260000YU.  
Parcela de Referencia catastral 15036A018004250000YZ.  
Parcela de Referencia catastral 15036A018004220000YJ.  
Parcela de Referencia catastral 15036A018004210000YI.  
Parcela de Referencia catastral 6126406NJ6162N0001AL.  
Parcela de Referencia catastral 6126405NJ6162N0001WL.

**Segundo.**- Someter o procedemento a información pública por prazo de un mes no Boletín oficial da Provincia e no Taboeiro de anuncios do Concello, para que poidan formularse as alegacións que se consideren convenientes.

**Terceiro.**- De non formularse reclamacións durante o trámite de información pública, consideraráse aprobada definitivamente a alteración da calificación xurídica do sobredito ben.”

Aberto o debate fai uso da palabra o Sr. Alcalde e explica que a finalidade que ten é a parcela transversas, que baixa polo lateral do instituto onde está actualmente o ximnasio o tema da moción é cederlle esa parcela á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que as instalacións do instituto se amplíen hacia esa zona, ao obxecto de facer un novo ximnasio, un espazo polideportivo polivalente dado que o actual aparte de ser de reducidas dimensións, está en moi malas condicións con goteiras incluso dentro do propio edificio, un chan que non é adecuado para desenvolver as actividades deportivas dos rapaces no instituto, e ademais de contemplar ese espazo deportivo polivalente incrementaríanse o número de aulas do IES de Fene. A moción, dado que non a teñen os grupos políticos pasa a ler o principio e o que é a proposta. Polo tanto, e resumindo, o que hoxe ven ao pleno é a desafectación da parcela para que nun mes, cando sexa exposto ao publico, podamos ceder á Concellería de Educación dito ben.

Rematado o debate e sometida a Moción a votación, a Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos/das señores/as presentes acorda prestar aprobación á Moción da Alcaldía de data 6 de Setembro de 2007 tal e como figura transcrita.

#### **8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 530 do 5 de Xuño ata a 616 do 22 de Xuño de 2007 e as números 703 do 1 de Agosto ata a 761 do 31 de Agosto. Faise constar que a Resolución número 608 non existe porque non foi editada.

#### **9º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberta a quenda de rogos e preguntas pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, voceiro do Partido Popular quen manifesta ter varios rogos. En primeiro lugar queren saber si no tema da Galescola están as obras xa rematadas todas, o persoal contratado, a matricula pechada xa, porque están a ver que por outros Concellos estanse abrindo esas galescolas e a de Fene en principio segue pechada. En relación ao transporte adaptado que a semana pasada

saíu na prensa que se ía contratar por parte do Concello e quere saber si se perdeu a subvención que había da Consellería. Outro rogo que xa o falou na comisión de urbanismo, que é o tema de que xa saben que está aprobada a obra do Camiño da Vrea que vai do Belelle ata a parte que está agora asfaltada e seguramente vai tardar bastante tempo en executarse, entón aquela entrada do camiño, onde está a marquesina do transporte público conta con socavóns bastante importantes, que tocan os coches xa no solo, que ademais alí hai un establecemento público e dende alí hai moita xente que inicia a ruta do Belelle por alí abaixo, entón pide si se podería habilitar un camiión de zavorra un un tractor para cando menos cubrir aqueles socavóns mentres non chega amaño do camiño e se falara tamén de dous puntos de luz que había alí. Quen en principio non ten nada mais soamente como último facerse eco dun tema un tanto frívolo pero é un eco do sentir da rúa que din que o Sr. Alcalde foise moitos días de vacacións, que eses quince días xa que os traballadores teñen trinta, vinte e oito ou trinta e dous días polo ano laboral, que no sucesivo se acurten un pouquiño.

A Sra. Couto Seijido resposta en canto á galescola que as obras están xa rematadas, quedaban catro cousas por facer e está a piques de ser recepcionada polos técnicos do concello, o equipamento xa está contratado e estase a recibir na galescola, o persoal leva tempo contratado e están en horario de mañá e tarde, e as matrículas xa hai tempo que están admitidos os nenos e nenas que van a entrar na galescola, por poñer unha data diría que a mediados de setembro. Polo que se refire a Anta, o transporte adaptado, non se perdeu ningunha subvención, trátase dunha subvención que ven polo plan concertado que é de corenta mil euros e que seguramente o ano que ven haberá que solicitalo de novo porque continúan levándoo os concellos o mais probable.

A Sra. Roca Requeijo, contesta que como xa se falou na comisión o camiño da Vrea está previsto amañalo un pouco antes de que sexa o amaño definitivo e o dos puntos de luz sa foi a miralos e están os cables cortados e está previsto volver a poñer os puntos de luz.

O SR. Alcalde indica que o concelleiro de persoal como responsable dos traballadores do Concello quere facer unha intervención. O Sr. Noceda Carballo resposta ao Sr. Galego Feal quere matizar dúas cousas, que o Sr. Alcalde marchou de vacacións do luns 13 ao venres 24, que o sábado 25 xa estaba nalgún acto dalgunha entidade do Concello que o invitaron a ir, de todas formas quere dicirlle que en realidade todos/as os/as veciños/as de Fene terían que estar agradecidísimos aos traballadores deste Concello si colleran as vacacións en porcentaxe que colle o Alcalde, porque quere dicir que o Alcalde entra en funcións neste Concello no mes de Xuño e por tanto ata Decembro son seis meses e correspóndelle quince días de vacacións e se colle dez, si todos os traballadores deste Concellos nos van regalar o 33% das súas vacacións e os van destinar ao concello realmente seguro que os veciños si o agradecían. De tódolos xeitos tamén para tranquilizar ao voceiro do PP quere dicir que o Alcalde deste Concello desde que tomou posesión, entra aquí antes de que acaben de entrar todos os traballadores do Concello, sae bastante despois das dúas e media da tarde, está aquí de volta coa comida na boca e a maior parte dos días con moitas queixas por parte do grupo socialista está saíndo as nove, ás dez ou dez e media da noite, nese senso si que lle fai un rogo ao Sr. Alcalde, e como o grupo socialista quere ter Alcalde como mínimo para catro anos lle pedirían que salga un pouquiño antes, que descanse algo mais e que si os veciños esperaron vinte e oito anos para que se arranxaran os seus problemas seguro que poden esperar un ou dos días mais. O Sr. Alcalde di que seguirá traballando e collendo vacacións tamén como calquera traballador.

A continuación o Sr. Sánchez Martínez di que cada cargo leva consigo o que leva, o ser alcalde leva consigo o que di o voceiro do PSOE, pasoulle ao anterior, a este e ao que veña, o alcalde hai que velo como directivo dunha empresa que non ten horario. Quere manifestar que hai unha queixa dos veciños da zona de Maroño, o campo que se comprou dos eucaliptos que están votando alí bastante escombros, terra e porquería e está causando moitas incomodidades aos veciños e segundo comentan parece ser que están afectando a un pozo de auga que hai por alí, cre que a empresa que está votando alí o escombros terá o correspondente permiso, pero haberá que controlar que faga o menos dano posible aos veciños.

O Sr. Rodríguez Carballeira manifesta que toman nota da queixa e evidentemente van tratar de facer o informe correspondente do que está a pasar alí e darlle unha resposta aos veciños da queixa que presentan.

O Sr. Alcalde sinala que hoxe mesmo presentouse un escrito dos veciños e os técnicos municipais xa foron alí a ver a situación e están redactando xa un informe sobre o asunto, polo tanto será público e de coñecemento dos grupos pero que están enteirados como dicía o concelleiro de urbanismo da situación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e doce minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-presidente

A secretaria acctal.,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Mª del Pilar Acebes Ruano.